

---

*Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN URXENTE, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/HA EDUCADORA/A SOCIAL, a tempo parcial, xornada de 35 horas semanais, VINCULADO/A O PROGRAMA "AUTOEDUCARSE PARA EDUCAR" E A SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTE CONCELLO Ó EFECTO POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Por resolución da alcaldía de data 28 de novembro do 2019 aprobáronse as bases que rexen esta convocatoria.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

---

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de CINCO (5) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e das bases na páxina web municipal.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax (982404812) ou mediante correo electrónico a [rrhh@concellodemonforte.com](mailto:rrhh@concellodemonforte.com).

As bases poden ser consultadas na web municipal ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 29 de novembro de 2019.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 3641